

torial da parroquia da Barciela, que pasa a formar parte do Concello de Oroso. Co fin de evitar un baleiro de determinacións nesta zona, procede acouatar a ordenación transitoria que se vai aplicar entretanto non sexa formulada polo Concello de Oroso, e finalmente aprobada, a súa ordenación urbanística.

A Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, foi publicada no DOG do 31 de decembro de 2004, producíndose a súa entrada en vigor o día 20 de xaneiro de 2005.

De conformidade co disposto polo artigo 89.1º da Lei 9/2002, a competencia para a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Visto canto antecede, ao abeiro do disposto no artigo 85.5 a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo, segundo informe do 14 de febreiro de 2005,

RESOLVO:

Artigo 1º

Outórgase aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso, coas seguintes matizacións:

-Artigo 8.1º.5 punto 1, letra c) da normativa do plan: no seu último parágrafo, a frase «Os cerres e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1,5 metros, salvo en casos expresamente xustificados e derivados da implantación que se realice.», substituirase por esta outra «Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,5 metros.» (artigo 42.1 c) da Lei 9/2002 modificada), permanecendo inalterado o resto dese parágrafo.

-Artigo 8.1º.5, punto 4, da normativa do plan: este parágrafo deberá ser substituído polo contido do punto 2º do artigo 44 da Lei 9/2002 (redacción modificada pola Lei 15/2004).

Artigo 2º

Unha vez producida a entrada en vigor do decreto polo que se resolve o expediente de deslindamento dos concellos de Oroso e Santiago de Compostela, o Concello de Oroso formulará un proxecto de modificación do plan xeral que se vén de aprobar, co gallo de establecer a ordenación urbanística dos terreos que pasan a integrarse no territorio de Oroso.

Artigo 3º

Entretanto non resulte aprobada definitivamente a modificación referida no artigo anterior, no ámbito afectado polo novo deslindamento, serán de aplicación con carácter transitorio as determinacións do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4º

De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar a normativa e ordenanzas (axustadas conforme o expresado no artigo 1º desta orde) do plan aprobado definitivamente no BOP.

Disposición derradeira

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 8 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2005.

As aulas da natureza cumpren unha función importante ao facilitarlles aos alumnos a posibilidade de realizaren múltiples actividades de tipo formativo, cultural e deportivo, así como de integración formal no medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que o leva a propiciar unha maior convivencia e cooperación cos profesores e compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historia e recursos.

Así mesmo, permiten a integración, mediante a convivencia, de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades educativas específicas.

Con base no acordo subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e co fin de permitirlles aos alumnos galegos de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

1. Obxecto do programa.

Esta convocatoria ten por obxecto promover a convivencia e integración dos alumnos participantes con outros compañeiros de distintas zonas e culturas,

ademais da integración de alumnos de réxime xeral e alumnos con necesidades educativas específicas.

2. Requisitos de participación.

Poderán solicitar a súa participación os alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) Para os alumnos de réxime xeral: cursar 5º ou 6º de educación primaria, ou ben 1º ou 2º de educación secundaria obrigatoria e ter nacido entre o 1 de xaneiro de 1991 e o 31 de decembro de 1994, polo que as súas idades estarán comprendidas entre os 10 e os 14 anos.

b) Os alumnos con necesidades educativas específicas deberán estar escolarizados en centros ordinarios ou específicos. Así mesmo, deberán posuír un grao de autonomía e condicións persoais que posibiliten a súa adaptación a programas de integración e a súa participación en actividades de grupo, requisito que deberá ser certificado polo director do centro docente en que o alumno estea matriculado no curso 2004/2005.

Así mesmo, estes alumnos deberán ter idades comprendidas entre os 10 e os 14 anos, aínda que, de forma excepcional, poderán participar alumnos de ata 16 anos, sempre que esta circunstancia sexa aconsellada polo responsable do equipo de orientación específico ou do departamento de orientación do centro no correspondente anexo III, e se trate de alumnos con necesidades educativas específicas, escolarizados en centros específicos (non ordinarios).

O grao de discapacidade psíquica dos alumnos con necesidades educativas específicas, de ser o caso, deberá ser lixeiro ou moderado.

3. Solicitudes.

3.1. Os alumnos que desexen participar deberán solicitalo a través do centro educativo en que estean escolarizados, cubrindo o modelo de instancia que figura como anexo I desta orde.

3.2. Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación:

a) Cuestionario individual do alumno, anexo II.

b) No caso de alumnos con necesidade educativas específicas deberán achegar ademais:

-Informe técnico do equipo de orientación específico ou do departamento de orientación do centro, anexo III, no cal se certificará que o alumno cumpre os requisitos establecidos no punto 2.b) desta orde.

-Certificado de minusvalidez ou ditame vixente de escolarización por necesidades específicas.

3.3. O prazo de presentación de solicitudes nos centros será de 30 días naturais contados a partir

do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3.4. Dentro dos dez días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os directores dos centros remitirán as solicitudes e o resto da documentación ás delegacións provinciais correspondentes, á atención do coordinador/a do programa en cada provincia, e que a continuación se relacionan:

A Coruña: inspector de Educación, Emilio Cubera Pereira.

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.

Salvador de Madariaga, s/n (Zona Monelos), 15008 A Coruña.

Lugo: inspectora de Educación, Mª Celsa González García.

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Lugo.

Ronda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

Ourense: inspectora de Educación, Concepción Martín de la Calle.

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense.

Rúa Concejo, 13, 32003 Ourense.

Pontevedra: inspectora de Educación, Adoración de la Fuente Fernández.

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra.

Avda. de Montero Ríos, 13, 36001 Pontevedra.

4. Procedemento de selección.

4.1. En cada provincia constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida polo inspector/a de Educación coordinador do programa e integrada, en calidade de vogais, por:

-Un director dun centro educativo participante.

-Un membro dos equipos de orientación específicos, designado polo/a delegado/a provincial, correspondente.

-Un pai/nai dun alumno/a solicitante.

Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da delegación provincial.

Valorarase que as solicitudes estean debidamente cubertas e acheguen a máxima información posible. A comisión terá en conta os criterios de selección recollidos no punto 5 desta orde.

4.2. Esta comisión de valoración enviará á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde

a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a seguinte documentación:

a) Relacións, por orde de prioridade, de alumnos de réxime xeral e de alumnos con necesidades educativas específicas, propostos para a súa participación no programa, con indicación da quenda.

b) Relación de alumnos excluídos, que incluírá a aqueles que presentasen a solicitude fóra de prazo, así como os que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

4.3. A selección definitiva será realizada pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, a través dunha comisión constituída para tal fin, e baseada nas propostas das comisións provinciais, tendo en conta que o número de alumnos con necesidades educativas específicas non poderá superar o 30% do total, para cada quenda.

5. Criterios de selección.

5.1. Criterios xerais. Para a selección de todos os alumnos teranse en conta os seguintes criterios xerais:

a) Situación de orfandade (dun só proxenitor ou responsable familiar, 5 puntos ou dos dous proxenitores ou responsables familiares, 10 puntos).

b) Pertenza a familias en que os sustentadores principais se encontren en situación de desemprego ou sexan pensionistas (un só sustentador ou responsable familiar, 5 puntos, ou os dous sustentadores ou responsables familiares, 10 puntos).

c) Pertenza a familias numerosas, ata 10 puntos.

d) Ter a condición de bolseiro de calquera convocatoria de axudas realizada polas administracións educativas, ata 10 puntos.

e) Non ter a condición de beneficiario destas axudas nos últimos dous anos, ata 10 puntos.

f) Outras circunstancias familiares e/ou económicas que dean lugar a situacións de desprotección para os alumnos e que poidan ser valorados polos órganos de selección correspondentes, ata 10 puntos.

5.2. Criterios específicos: valoraranse as características persoais do alumno derivadas do tipo de escolarización que presenta e, fundamentalmente, as posibilidades reais de participación no programa de integración. Para valorar estes aspectos terase en conta a información dos anexos II e III.

A valoración será dun máximo de 65 puntos.

6. Desenvolvemento do programa.

6.1. Os alumnos participantes desenvolverán a súas actividades en períodos de doce días no centro de programas educativos de Viérnoles en Torrelavega (Cantabria), de acordo coa seguinte distribución temporal:

1ª quenda: do 12 ao 23 de xullo de 2005.

2ª quenda: do 23 de xullo ao 3 de agosto de 2005.

3ª quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2005.

6.2. O lugar de xuntanza de onde sairá o autobús para Viérnoles (Cantabria) e a onde regresará será a estación de autobuses de Lugo.

6.3. O traslado dos alumnos desde o seu domicilio á estación de autobuses de Lugo e o regreso desde a estación ao domicilio familiar correrá a cargo da familia.

6.4. A estancia e mais o desprazamento dos alumnos seleccionados desde a estación de autobuses de Lugo e o regreso ata esta será gratuíto.

6.5. O programa estará coordinado por un responsable titulado e un número de monitores especialmente preparados para este programa, coa atención médica necesaria.

6.6. O centro de programas educativos de Viérnoles é unha instalación fixa, situada nun contorno adecuado para os obxectivos do programa e está correctamente dotada.

7. Relación definitiva de alumnos beneficiarios.

7.1. A relación definitiva dos alumnos beneficiarios das axudas farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia*.

7.2. A Administración educativa enviará ao centro a que pertencen os alumnos a relación dos seleccionados e a información necesaria para poder participar: quenda, data, lugar e hora de saída, materiais necesarios para participar, etc.

7.3. O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 3 meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria. As solicitudes consideraranse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado.

8. Recursos.

Contra a resolución de adxudicación da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar todas as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN AULAS DA NATUREZA VERÁN 2005	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
---	---	---

1.- DATOS FAMILIARES

APELLIDOS E NOME DO ALUMNO SOLICITANTE		DATA DE NACEMENTO	
DOMICILIO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	
PROVINCIA	TELÉFONO	APELLIDOS E NOME DO PAI, NAI OU TITOR	
PROFESIÓN DO PAI, NAI OU TITOR (ESPECIFIQUESE NO CASO DE QUE AMBOS TRABALLEN)			
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (INCLÚIDO O SOLICITANTE)	Nº DE IRMÁNS	LUGAR QUE OCUPA	TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE

AUTORIZACIÓN

Don Dona _____ como pai/ nai/ titor do alumno _____, solicita e outorga a súa autorización para que participe no Programa de Integración Aulas da Natureza e reciba a atención médica que, se é o caso, fose necesario. Así mesmo, acepta que, no caso de producirse algunha circunstancia que aconselle a interrupción da súa participación nel, o alumno poida regresar ao seu domicilio antes da data prevista.

2.- DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO		ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
SINALE CUN "X" TIPO DE CENTRO: ☐ PÚBLICO ☐ PRIVADO CONCERTADO TIPO DE ESCOLARIZACIÓN: ☐ ALUMNADO DE RÉXIME XERAL ☐ ALUMNADO DE RÉXIME XERAL CON ADAPTACIÓNS CURRICULARES ☐ ALUMNADO ESCOLARIZADO CON DITAME DE ESCOLARIZACIÓN POR NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS			
CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO O ALUMNO NO ANO ESCOLAR 2003/2004		MESTRE DE CONTACTO	

SITUACIÓNS ESPECÍFICAS (SINALE CUN "X" OU INDIQUE "1" OU "2", SEGUNDO PROCEDA)

☐ O SOLICITANTE ENCONTRASE EN SITUACIÓN DE ORFANDE (INDIQUE 1 OU 2).	☐ O SOLICITANTE NON FOI BENEFICIARIO DESTA PROGRAMA NOS CURSOS 2002-2003 OU 2003-2004
☐ PERTENCE A FAMILIA NA QUE OS SUSTENTADORES PRINCIPAIS SE ENCONTRAN EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO OU SON PENSIONISTAS (INDIQUE 1 OU 2).	☐ OUTRAS SITUACIÓNS
☐ PERTENCE A FAMILIA NUMEROSA.	ESPAZO RESERVADO PARA A PUNTUACIÓN POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN
☐ TEN A CONDICIÓN DE BOLSEIRO DE CALQUERA CONVOCATORIA DE AXUDAS REALIZADA POLAS ADMINISTRACIÓNS EDUCATIVAS.	

Don Dona _____, como presidente do consello escolar, certifica que o alumno a que se refire esta solicitude, se encontra nas situacións que se especifican neste punto

_____ de _____ de 200 ____
Selo do centro (sinatura)

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas para participar no programa de integración Aulas da Natureza 2005.</i> SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200 ____	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
--	--	--

Inspector/a coordinador/a do programa de integración Aulas da Natureza

ANEXO II

CUESTIONARIO INDIVIDUAL DO ALUMNO

1.- CUESTIONARIO MÉDICO (PARA CUBRIR POLO PAI/NAI/TITOR, SE É O CASO)

- A) ¿Toma algunha medicación? (marque cun "X" a resposta que proceda) ☐ SI ☐ NON
En caso afirmativo, especifique qué medicamento toma, doses diarias e horario: _____

- ¿É responsable da súa medicación ou necesita algunha persoa que o supervise?: _____
- B) ¿Padece algún tipo de alerxia? (marque cun "X" a resposta que proceda) ☐ SI ☐ NON
En caso afirmativo, indicar cales: _____
- C) Relacione as enfermidades das que está vacinado: _____

- D) Explique calquera outra circunstancia que poida resultar de interese e/ou que deba ser tida en conta en relación coa asistencia do alumno: _____

2.- BREVE INFORME (PARA CUBRIR POLO CENTRO, PARA TODOS OS ALUMNOS)

- 1.- Nivel de escolarización: _____
- 2.- Apoios que recibe dentro e fóra da aula: (gabinetes, logopedia): _____
- 3.- Socialización:
- Tipo de relación: _____
 - Cos demais alumnos: _____
 - Cos mestres: _____
 - Habilidades sociais: _____
- 4.- Comportamento:
- Dentro da aula: _____
 - Fóra da aula: _____
 - Resposta ante determinadas situacións: _____
- 5.- Características xerais do seu proceso de aprendizaxe: _____

- 6.- Dificultades que poida presentar a asistencia do alumno ao programa e medidas a tomar: _____

- 7.- Observacións: _____

_____, ____ de _____ de 200__
Visto e praxe, O director do centro
(Sinatura e selo do centro)

O titor

ANEXO III

INFORME TÉCNICO DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO OU DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO (PARA CUBRIR UNICAMENTE PARA OS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS)

1.- TIPO DE ESCOLARIZACIÓN

Nivel _____

Tipo de Centro ☐ ORDINARIO ☐ ESPECÍFICO**2.- DESCRICIÓN DA DISCAPACIDADE**

2.1.-Diagnóstico (se o houbese) _____

2.2.-Tipo de discapacidade que presenta o alumno e breve descrición dela:

- Física: ☐ MOTORA ☐ ORGÁNICA FUNCIONAL- Psíquica: ☐ LIXEIRA ☐ MODERADA- Sensorial: ☐ AUDITIVA ☐ VISUAL

- Trastorno do comportamento e/ou personalidade: _____

- Outras: _____

2.3.-Breve descrición das características persoais de alumnos nas seguintes áreas:

Motricidade: _____

Nivel intelectual e habilidades cognitivas: (indicar, se é o caso, se existe desfase de idade prevista no punto dous da convocatoria): _____

Linguaxe e comunicación: _____

Habilidades sociais: _____

Autonomía persoal: _____

Conduta adaptativa: _____

Observacións de interese: _____

2.4.-Necesidades específicas que ten e apoios que precisa:

2.4.1.- Se necesita atención médica ou física, a que corresponda: _____

2.4.2.- Segundo o seu grao de autonomía persoal, indicar o apoio que necesita nos seguintes puntos:

- Vestido: _____

- Alimentación: _____

- Aseo: _____

- Desprazamentos: _____

- Control de esfínteres: _____

_____, ____ de _____ de 200__

(Equipo de orientación específico ou departamento de orientación do centro)

CERTIFICACIÓN

D/Dña. _____ como director/a do centro _____, certifica que o/a alumno/a _____ está matriculado/a durante o curso 2004/2005 no mencionado centro e que posúe suficiente grao de autonomía, para participar nos programas de integración, reunindo os requisitos exixidos no punto 2.b) da orde pola que se regula a participación no programa de integración Aulas da Natureza.

Asdo:

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Corrección de erros.-Orde do 30 de abril de 2002 pola que se convocan axudas correspondentes ao Programa de tecnoloxías de deseño e produción industrial, do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2002-2005, na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrència competitiva.

Advertido erro na antedita orde, publicada no DOG nº 93, do 15 de maio de 2002, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 7.095, no artigo «3º.-Solicitudes», onde di: «Os modelos para a formalización das solicitudes, así como a forma e lugar de presentación, son os determinados no número 4 da orde de bases», debe dicir: «Os modelos para a formalización das solicitudes, así como a forma e lugar de presentación, son os determinados no punto cuarto da orde de bases (anexos XXXIV e XXXV)».

NOTA: esta corrección non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

Orde do 17 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a modernización e mellora do comercio retalista e se procede á súa convocatoria para o ano 2005 en desenvolvemento do Plan de mellora da competitividade do comercio galego.

A evolución da sociedade e dos hábitos de consumo obrigan o pequeno e mediano comercio a un necesario proceso de modernización da súa xestión e á adaptación continuada para poder ser competitivos.

Esta situación fixo necesaria a elaboración dun conxunto de medidas dentro do marco dunha política de comercio interior que asegure o sector tradicional do comercio, a posibilidade de adaptarse ás novas necesidades que existen as actuais circunstancias económicas, non só para garantir a súa supervivencia, senón para posibilitar que este tipo de comercio siga proporcionando á sociedade boa parte dos servizos de abastecemento, proximidade, diversificación de oferta e mantemento dos conxuntos urbanos que desde sempre veu prestando, mediante a creación dun Plan de mellora da competitividade do comercio galego 2005-2008, que se orienta a dar resposta aos problemas actuais do sector.

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo),

que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Innovación, Industria e Comercio en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.**

1. O obxecto desta orde é a convocatoria para o ano 2005 do programa de axudas para a incorporación das novas tecnoloxías da información á xestión dos establecementos comerciais, co obxectivo de asegurar a súa continuidade en condicións de competitividade.

2. Serán beneficiarios os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade en establecementos comerciais ou en comercio ambulante no territorio galego e cuxos investimentos se realicen en establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionados no anexo III desta orde. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou mais epígrafes do IAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e se isto non fose posible de determinar, atenderase á superficie de venda destinada a cada actividade.

c) Que non superen os dez traballadores.

d) Que os seus locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público (quedan excluídos para o cómputo da dita superficie as oficinas, almacéns, salas de refrixeración, talleres e outros locais dedicados á elaboración ou manipulación de produtos, aulas, aseos, etc.).

e) Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.**1. Los conceptos subvencionables serán:**

* Adquisición de máquinas rexistradoras, caixóns portamoedas, terminais de punto de venda, lectores de códigos de barras, sistemas de pesaxe e etiquetaxe e sistemas antifurto incorporados ao produto.

* Ordenadores de sobremesa e periféricos destinados a aplicacións de contabilidade, facturación, almacén e automatización de vendas.